

Premios do concurso

POSTAIS- MODALIDADE SIMPLE (sen volume):				
CATEGORÍAS	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO	4º PREMIO
A	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL + OBSEQUIO	LOTE DE NADAL + OBSEQUIO
B	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL + OBSEQUIO	LOTE DE NADAL + OBSEQUIO
C	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL + OBSEQUIO	LOTE DE NADAL + OBSEQUIO
D	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL + OBSEQUIO	LOTE DE NADAL + OBSEQUIO
E	*COFRE AGASALLO	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL + OBSEQUIO	LOTE DE NADAL + OBSEQUIO
POSTAIS- MODALIDADE TRIDIMENSIONAL – VOLUMINOSA				
CATEGORÍAS	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO	
Categoría T1 (5-8 anos)	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL + OBSEQUIO	
Categoría T2 (9 -12 anos)	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL + OBSEQUIO	
Categoría T3 (13 a 17 anos)	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL + OBSEQUIO	
Categoría T4 (a partir de 18 anos)	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL + OBSEQUIO	
FELICITACIÓN AUDIOVISUAL - MODALIDADE ÚNICA				
CATEGORÍAS	PREMIO ÚNICO			
Categoría T2 (9 -12 anos)	VALE 60€			
Categoría T3 (13 a 17 anos)	VALE 60€			
Categoría T4 (a partir de 18 anos)	*COFRE AGASALLO			
<ul style="list-style-type: none"> Todas as persoas que participen no concurso e que asistan á entrega de premios recibirán un agasallo. O cofre agasallo permite escoller 1 opción: Talaso Atlántico Baiona; bono spa + cea dúas persoas /Parador de Pontevedra; bono cea dúas persoas / Pousada do Castelo de Soutomaior ou calquera restaurante no Concello: cea dúas persoas. 				

A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO IMPLICA QUE A PERSOA ACEPTA INTEGRAMENTE ESTAS BASES.

BASES

XVII CONCURSO DE POSTAIS E FELICITACIÓN DE NADAL

O Concurso de Postais e felicitación das festas de Nadal e aninovo pretende promover a reflexión sobre o significado desta celebración e os seus valores na sociedade actual; apoiar a participación da mocidade no ámbito artístico e creativo e fomentar o uso da lingua galega.

Datos xerais:

- A **temática** será o Nadal: felicitacións, imaxes propias destas festas, entrada no novo ano, mensaxes solidarias,... Interpretación libre, creativa e orixinal.
- Si a postal ou felicitación ten **texto ou audio**, deberá ser **en galego**.
- Idades a partir de 2 anos**.
- Cada persoa presentará **unha única postal ou felicitación**, que deberá ser **inédita** e non estar suxeita a dereitos de autoría.
- A **técnica será libre** pero deberá encaixar nalgunha das modalidades propostas.

Formatos de presentación e categorías por idades:

FORMATO POSTAIS

Estableceranse estas **MODALIDADES** e varias **categorías de idades**:

POSTAIS- MODALIDADE **SIMPLE** (sen volume):

- Categoría A: idades de 2 a 4 anos
- Categoría B: idades de 5 a 8 anos
- Categoría C: idades de 9 a 12 anos
- Categoría D: idades de 13 a 17 anos
- Categoría E: a partir de 18 anos

**As postais simples que ó abrirese adquiran pouco volume considéranse MODALIDADE SIMPLE.*

POSTAIS- MODALIDADE **TRIDIMENSIONAL - VOLUMINOSA** (con volume, altura, anchura e profundidade).

- Categoría T1: 5 a 8 anos
- Categoría T2: 9 a 12 anos
- Categoría T3: 13 a 17 anos
- Categoría T4: a partir de 18 anos

Condicións DAS POSTAIS

- Na **modalidade simple e na modalidade tridimensional a base non poderá exceder** as medidas **40cm x 40cm**.
- O tamaño deberá ser **apto para a súa exposición, resistente e facilmente manexable**.



FORMATO FELICITACIÓN AUDIOVISUAL:

Participar no concurso enviando unha felicitación de Nadal ou de aninovo presentando un vídeo que pode conter: imaxes, son, textos, animacións, etc.

FELICITACIÓN AUDIOVISUAL - MODALIDADE ÚNICA

- ❖ Categoría AUDIOVISUAL1: 9 a 12 anos
- ❖ Categoría AUDIOVISUAL 2: 13 a 17 anos
- ❖ Categoría AUDIOVISUAL 3: a partir de 18 anos

Requisitos DOS VÍDEOS

- Duración **máxima 3 minutos**.
- No caso de ter **texto ou audio estará en lingua galega**.
- Os **contidos** deben facer referencia á temática deste concurso “**Felicitación de Nadal/Aninovo desde Soutomaior**”
- Pode presentarse de xeito **individual ou grupal**.

Presentación e lugar de ENTREGA DOS TRABALLOS:

Os traballos entregaranse dentro dun **sobre pechado na OMIX (USB no caso de audiovisuais) e nun folio aparte** poñer os seguintes datos do autor/a:

- ❖ Nome e apelidos
- ❖ Idade e categoría
- ❖ Teléfono de contacto

Importante: os colexios poderán enviar os traballos xuntos, nun mesmo sobre, sempre e cando, especifiquen claramente os datos das persoas autoras (nome e apelidos, idade, categoría). **OS DATOS NON PODEN APARECER NA POSTAL OU VIDEO. PARA ISTO OS CENTROS PODEN IDENTIFICALA CUN NÚMERO E ENVIAR O LISTADO COS DATOS NO SOBRE DAS POSTAIS.**

NON debe figurar nos traballos nin os datos do alumnado nin do centro educativo. Os traballos catalóganse a través de códigos para saber a quen pertencen. Excepcionalmente poderase admitir que apareza o nome do centro pero prégase que se evite.

PRAZO DE PRESENTACIÓN Ó CONCURSO:

- O prazo de presentación para todas as modalidades **REMATARÁ O 17 DE DECEMBRO ÁS 20,30 HORAS.**

Data de entrega de premios

- O acto oficial de **entrega dos premios** será o **sábado 22 de decembro ás 19,00 no Multiusos, en Arcade**. Logo haberá unha actuación de animación para todos os públicos “LOLO GLOBOTOLO” a cargo de Barafunda Teatro
- **Para poder coñecer cales as persoas premiadas e recoller o premio deberase asistir obrigatoriamente ao acto oficial de entrega** (poderase delegar noutra persoa).



Xurado

- O concurso poderá declararse deserto, no seu conxunto ou nalgunha das categorías anteriormente mencionadas. A decisión do xurado será pública e inapelable.
- Os traballos serán aptos para todas as idades excluíndose os que se consideren ofensivos, insultantes ou inapropiados.
- Independentemente do número de premios o xurado seleccionará 12 postais en cada categoría e 3 audiovisuais porque *se algunha persoa non está presente o día da entrega chamarase á seguinte persoa que figura na lista dos mellores traballos presentados elaborada polo xurado seguindo os criterios das bases.*
- Xurado conformado por persoas expertas e coñecedoras das distintas disciplinas plásticas e audiovisuais, así como representantes de colectivos que traballen no ámbito educativo e da ASC: profesorado, artistas, representantes de asociacións, etc. Levantará acta da sesión a Técnica de Xuventude.

Criterios de selección

- Teranse en conta os criterios xerais especificados nas bases en canto a tamaño e presentación e, ademais:
 - Tamaño da base das postais que non exceda o límite.
 - Duración do audiovisual.
 - Aplicación e orixinalidade no uso das técnicas.
 - Calidade no acabado, boa presentación, innovación.
 - Creatividade e orixinalidade no tratamento da idea.
 - Idade das persoas participantes en relación á autoría (que non teñan axuda).
 - Referencias a lugares, costumes, tradicións, etc. do Concello de Soutomaior.
 - Mensaxe acorde á temática do concurso.

Nos traballos presentados si aparecen fotografías e montaxes de deseño por ordenador especificaranse as fontes para que o xurado poida valorar o traballo realizado pola persoa (acompañar documento inicial).

Exposición

As postais **exporanse no Multiusos ata o 7 de xaneiro de 2019** no Multiusos en Arcade e as felicitacións audiovisuais estarán expostas na web do Concello de Soutomaior. A partir desta data devolveranse as postais a petición das persoas interesadas.